



BNG-A.A Vedra

Moción para a creación dun PLAN ACTUACIÓN de ENERXÍA SUSTENTABLE (PAES) CONCELLO VEDRA

1.- Introducción:

O 3 de Maio de 2016, publicouse no GOG, a ORDE do 26 de abril de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais da Comunidade Autónoma de Galiza para a **asistencia técnica na elaboración de estratexias de sustentabilidade ambiental coa finalidade de integrar a adaptación ao cambio climático na xestión e planificación públicas**, e faise pública a súa convocatoria para o ano 2016, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020

Esta convocatoria, permitía que aqueles concellos (ou organización sociais), que así o decidirán, puideran optar a fondos para desenvolver proxectos técnicos que implementarán estratexia de sustentabilidade na xestión municipal.

É dicir, no caso que nos afecta, os fondos necesarios para realizar un **PLAN ACTUACIÓN de ENERXÍA SUSTENTABLE (PAES) para o CONCELLO de VEDRA**.

Este sería un dos eixos do “**PO FEDER Crecemento Sustentable 2014-2020**”.

O **PO de Crecemento Sustentable**, que está cofinanciado polo FEDER no marco da Política de Cohesión comunitaria, é un dos programas de ámbito plurirrexional que se investirá en Galicia no período 2014-2020.

O **PO**, cun custo total previsto de 7.689,3 millóns de euros a nivel estatal, e unha Axuda FEDER de 5.520,8 millóns de euros, apoiará entre outros os seguintes Eixos prioritarios:

- Favorecer o paso a unha economía baixa en carbono en todos os sectores (*FEDER: 2.098 millóns de euros*).
- Conservar e protexer o medio ambiente e promover a eficiencia dos recursos (*FEDER: 695,7 millóns de euros*).
- Promover o transporte sustentable e eliminar os estrangulamentos nas infraestruturas de rede fundamentais (*FEDER: 1.675,7 millóns de euros*).
- Eixo Urbano (*FEDER: 1.012,8 millóns de euros*).
- Eixo Asistencia Técnica (*FEDER: 38,7 millóns de euros*).

Polo tanto acadar o financiamento para contratar o proxecto técnico inicial, constitúese como a ferramenta primaria que permitiría abrir as outras vías de financiamento asociadas aos outros eixos.



Á anterior convocatoria non se presentou o noso concello, nembargante técnicos do INEGA, recentemente confirmaron que convocarán novamente esta liña de financiamento no marco do Plan estratéxico de Galicia, iniciándose na segunda quincena do Mes de Decembro, para finar o prazo na primeira quincena do mes de Marzo.

A orde de adjudicación dos proxectos é por orde de entrada, sempre que cumpran cós requisitos indicados.

O BNG - Asembleas Abertas pretende que o concello de Vedra realice o percorrido completo é dicir, preparar un proxecto básico, que lle permita acceder aos fondos que se convoquen no marco do Plan Estratéxico de Galicia para realizar o proxecto técnico que permita estar preparado para, cando se convoque as outras liñas de financiamento do **“PO FEDER de Crecimiento Sustentable 2014-2020”**, **solicitalas con garantía de éxito.**

Para a realización do proxecto básico, propoñemos pactar un asesoramento técnico coa facultade de Físicas, en particular coa área que imparte o master de “Energías Renovables e Sostenibilidade Enerxética”.

A intención do PAES do Concello de Vedra, é a de Visualizar e pór en valor diferentes localizacións do Concello a través dun **Plan de Acción Enerxía Sustentable**, para converter Vedra na primeira Comunidade Sustentable da comarca e modelo de reproducibilidade cara á implantación do Plan Estratéxico de Galicia (2016-2020) en todo o territorio.

Os obxectivos do PAES serán:

- Fomentar enerxías renovables.
- Desenvolvemento sostible de zona rural.
- Valorización de terreos: Modelo Nexus
- Creación de emprego inclusivo.
- Fixación de poboación nova.

E incluírá, para ter éxito:

Unha auditoría enerxética do Concello (custo aproximado de 300 €, de facela un alumno do master de enerxías renovables da facultade de Físicas).

Realizar propostas innovadoras NEXUS

- Iluminación.
- Mobilidade Sostible.
- Enerxía sostible innovadora.
- Enerxía Agua-Terra.

En colaboración coa USC, presentamos un documento na nosa WEB voceirovedra.com onde expoñemos as nosas propostas para cada un destes puntos, sendo a adquisición dun **autobús eléctrico e a realización dunha planta de enerxía distrital para calefactar o centro da terceira idade, o Colexio público e o pavillón de deportes, obxectivos prioritarios.**



É Por isto que o BNG-A.A Solicita o apoio do pleno para acadar o seguinte acordo:

ACORDO

1. Crear unha **Mesa de traballo do PAES Vedra** onde estean representados todos os grupos políticos que participan no pleno, o arquitecto municipal, así como os asesores e técnicos necesarios para planificar todo o proceso, e permitir crear o documento base antes da segunda quincena de Decembro.
2. Aprobar a realización dunha **auditoría enerxética** (*peza fundamental para optar ao financiamento do proxecto técnico*), a través do Master de enerxías renovables da facultade de Físicas da Universidade de Santiago de Compostela (ou técnico competente).
3. Dotar á **Mesa de traballo PAES Vedra** con capacidade de toma de decisións, activa e con reunións periódicas (mensuais ou bimensuais) durante a duración do proxecto

